DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Á POBOACIÓN DE REFUXIADOS SAHARAUIS

Nun recente informe do Secretario Xeral do Consello de Seguridade da ONU, sobre a situación relativa ao Sáhara Occidental, advertíase da falta crónica de financiamento para o programa de refuxiados e o deterioro da situación humanitaria, especialmente precaria tendo en conta que as necesidades son cada vez maiores.

Esta situación ven derivada do esgotamento das existencias de reservas de alimentos básicos máis imprescindibles (azúcar e arroz, entre outros) e a consecuente reducción das racións mensuais de alimento que o Programa Mundial de Alimentos (PMA) destina aos refuxiados saharauís.

Entre outras consideracións, no citado informe faise referencia a que no 2016 apenas se financiaron a medade dos recursos humanitarios proporcionados polos organismos de axuda humanitaria pertinentes, especialmente polo PMA, polo que o Secretario Xeral exhorta á comunidade internacional a que aumente o financiamento deste programa humanitario e fai un chamamento a novos doantes para que se proporcionen máis contribucións e para que non se reduzan as racións de alimentos que se ofrecen.

A "Media-Luna Roja Saharaui" (MLRS), pola súa banda, e como organización con implantación no terreo afectado, fai un chamamento a todos os países doantes e as organizacións humanitarias para que proporcionen axuda urxente para paliar a situación de carencia de alimentos nos campamentos de refuxiados saharauís.

En Galicia, a "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí", entidade que mantén unha colaboración frecuente coa MLRS, faise eco do chamamento e solicítalle á Deputación unha achega económica para o seu envío aos Campamentos de Refuxiados Saharauís para a compra de alimentos necesarios para paliar a situación de carencia que afecta, de xeito especial, ao sector da poboación máis vulnerable.

A Deputación da Coruña, sensible coas políticas de cooperación ao desenvolvemento, sempre amosou a súa disposición a colaborar a través da axuda humanitaria e de emerxencia, nas accións encamiñadas ao envío con carácter urxente e non discriminado do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia para protexer as vidas humanas e aliviar a situación das poboacións afectadas.

Polas razóns expostas, proponse ao Pleno Corporativo a aprobación da seguinte declaración insitucional:

"A Deputación Provincial da Coruña expresa a súa solidariedade coa poboación dos campamentos de refuxiados saharauís e asume o compromiso de tramitar o máis axiña unha achega económica con destino á subministración de alimentos para a poboación saharauí refuxiada nos Campamentos de Tinduf-Alxeria.